



## **Debate investidura. 12 Maio de 2022.**

### **Intervención da portavoz nacional do BNG, Ana Pontón.**

#### *Texto suxeito a posibles variacións durante a intervención*

Son tempos complicados, tempos de angustia e de incerteza para moitos galegos e galegas que, cando apenas empezaban a saír do túnel da pandemia, entran de cheo nunha crise de prezos.

Sei que hoxe, nas súas casas, camiño do traballo, levantando a persiana do seu negocio, repasando as facturas que se acumulan,...

Sei que hoxe moitas persoas se preguntan até cando van poder resistir? Cantos obstáculos máis van ter que superar? Que pasará mañá nun mundo cada vez máis cambiante e complexo? Que futuro lle espera os nosos fillos e fillas?

Moitas preguntas que merecen respostas, por iso quero dirixirme a todas esas persoas e dicirvos que si, que é posible darlle a volta á situación de declive, que **é posible construír unha Galiza mellor.**

A todas esas persoas quero dicirvos que Galiza é un país con futuro, porque ten riqueza, ten potencial e sobre todo: ten xente honesta, traballadora e capaz de dar o mellor nos momentos máis duros e saír adiante.

Quero dicirvos que é posible unha Galiza cunha sanidade e educación públicas de calidade, libres de recortes e privatizacións; na que as persoas maiores teñan unha vellez digna. Unha Galiza na que xente moza non teña que emigrar; na que ter traballo signifique ter un salario que permite chegar a fin de mes, emanciparte, ter a túa propia vida.

A todas e todos vós quero dicirvos que é posible unha Galiza produtiva e cun rural vivo; que aposte con decisión pola ciencia e a innovación; referente ambiental e das enerxías limpas si, pero para mellorar a vida da xente e frear o cambio climático, non como coartada dun *boom* eólico depredador.

Quero dicirvos que é posible unha Galiza na que as mulleres sexamos libres e iguais, na que medre o benestar social e non a pobreza; cunha democracia de calidade e cuns medios de comunicación públicos ó servizo da xente. Quero dicirvos que si, que é posible unha Galiza forte, orgullosa da súa lingua, da súa cultura e que dialogue de ti a ti con outras nacións do mundo.

É posible. Pero para iso **necesitamos ter un goberno que lle diga Si a Galiza**, que se deixe a pel na defensa do País, que se deixe a pel por todos e todas vós.

**Ese é o goberno que o BNG aspira a liderar**, con toda a humildade pero con toda a ambición. Sumando, coa man tendida, sabendo que somos unha sociedade plural e que hai moitas maneiras, moitas, de sentise galego, de sentirse galega, e todas son necesarias para construír unha Galiza mellor.

**O cambio galego está en marcha.**

**Empezou a conta atrás para un cambio de goberno na Xunta.**

E nesa conta atrás, vostede, señor Rueda non é máis que un presidente accidental, o primeiro presidente que non foi elixido como tal polos galegos e polas galegas nas urnas. E non convocan eleccións porque saben que as perderían.

Simplemente, vai chegar á Presidencia da Xunta de rebote, porque o seu xefe de filas considerou máis importante ser presidente do PP, que ser presidente de Galiza; considerou máis importante ocupar á sede dun Partido Popular condenado por corrupción, que ocuparse do Goberno de Galiza.

Non é ningunha novidade. De feito, levamos trece anos cun goberno que sempre puxo os intereses do PP por diante dos intereses de Galiza.

Levan trece anos á contra deste País, algo que a vostede, señor Rueda, se lle da moi ben, ten unha longa experiencia en xogar á contra, mesmo antes de sentarse no Consello da Xunta.

Aí estaba o señor Rueda en primeira fila naquela indigna manifestación en contra do galego, de ganchete cos colectivos máis ultras e máis reaccionarios, para atacar a nosa lingua común, a que nos une, a que nos fai ser o que somos. Quen hoxe quere presidir o País, ten no seu currículo o ataque e o desprezo á lingua do País.

Aí estaba detrás da campaña electoral máis sucia que se recorda, convertido nun avanzado das *fakenews*, abandeirado da política do “todo vale” con tal de facerse co poder, deixando claro cal é o seu listón ético.

Do seu paso polo Goberno é imposible citar algunha proposta de calado, simplemente porque non existe. Nada, máis aló de ser o responsable dunha folga de tres meses que colapsou a xustiza.

Fora diso, acomodouse nun Goberno gris que leva trece anos instalado no NON a Galiza. Porque son vostedes **o Partido Popular do NON**:

Non á subirlle os impostos ás eléctricas

Non a un novo modelo de residencias que garanta unha vellez digna,

Non a reverter os recortes en sanidade e en educación

Non a darlle futuro a xente moza

O PP do non a ciencia e innovación

Non a un rural vivo

Non a loitar contra a emerxencia climática

Non a potenciar o noso sector industrial

O PP do non á lingua e á cultura galegas

Non a máis competencias e máis autogoberno.

En definitiva, non a Galiza. Iso é o que o Partido Popular representa.

Os datos son o mellor retrato da súa desfeita. Dicía o señor Rueda que deixan unha Galiza sen cargas. É mentira. E vou sintetizar en cinco cifras a enorme carga que deixan.

1º cifra, 218.000: son os mozos e mozas que emigraron nun país que ten unha crise demográfica brutal.

2º cifra, 925: as camas hospitalarias que pecharon

3º cifra, 138: os centros de ensino públicos que se cargaron, un de cada dez

4º cifra, 38.300: os empregos destruídos na industria, no agro e na pesca.

5º cifra, 600.000: as persoas en situación de pobreza. Cunha realidade que me preocupa especialmente, que temos a porcentaxe de persoas pensionistas en situación de pobreza extrema máis alta do Estado.

E todo isto, mentres triplicaron a débeda.

En que a gastaron, señor candidato do PP, se nos deixan unha Galiza en peores condicións que a que encontraron?

Entenderá que con esta folla de servizos, con este currículo, como imos darlle o apoio do BNG?

Sobre todo tras comprobar que non ten proxecto, nin propostas ós retos que debemos afrontar nun contexto durísimo: o contexto de dous anos de pandemia, dunha guerra a tres horas de avión e dunha subida de prezos nunha Galiza na que o goberno do PP deixa cunha crise demográfica, industrial e social.

Os galegos e as galegas necesitan certezas e solucións, pero non as van atopar nun PP que xa representa o pasado.

**Neste debate estamos ante dous modelos:** o modelo do PP sen nada que ofrecer salvo resignación, rutina, e auto compracencia. Ou o modelo do BNG cun proxecto solvente, ilusionante e desde a confianza para construír unha Galiza mellor.

**O vello ou novo, o pasado ou o futuro, o PP ou o BNG. Esas son as dúas alternativas que se confrontan neste debate, eses son os dous modelos entre os que moi pronto escollerán os galegos e as galegas cando, a diferenza de hoxe, decidan nas urnas se queren un presidente do PP ou unha presidenta do BNG para Gobernar Galiza.**

Sr. Rueda fixo vostede unha intervención gris, sen ambición, sen rumbo, sen proxectos.

Na miña intervención demostrarei que hai alternativa, explicando as liñas estratéxicas que un Goberno do BNG porá en marcha para mellorar a vida de xente.

Empezando polo máis urxente: a escalada de prezos que está afogando ás familias, á clase traballadora, ás persoas autónomas, ás pequenas e medianas empresas.

**Como presidenta**, un goberno do BNG, aprobaría no primeiro Consello da Xunta un paquete de medidas para axudar a quen máis o necesita:

Subindo as pensións non contributivas

Mellorando a prestación da RISGA

Aumentando as axudas para gastos básicos de vivenda

Baixando as peaxes das autoestradas

E cun paquete de axudas directas ós sectores máis afectados.

Pero paliar os efectos da inflación tamén require medidas estruturais, empezando por considerar que a enerxía é un ben básico que non pode quedar nas mans de cinco multinacionais.

Un **goberno do BNG** quitaríalle ás eléctricas a cadeira que teñen no Consello da Xunta, apostando por unha empresa pública de enerxía, defender unha tarifa eléctrica galega que permita baixar a factura da luz e subirlle os impostos ás eléctricas para que axuden a pagar unha crise coa que se están forrando.

11.050 millóns de euros de beneficios en 2021, un 226% máis para Iberdrola, Naturgy, Enagas, Endesa e Repsol, 11.050 millóns que saen dos petos da xente do común.

**Son moitos os retos que Galiza debe afrontar nun contexto complexo e cambiante:**

debates sobre como ganar autogoberno real e peso político, poñer Galiza a producir, afrontar o cambio climático, darlle futuro á xente moza, potenciar a ciencia e a innovación, como construír unha Galiza de iguais...

**Retos que requiren ter un proxecto de país. O BNG ten ese proxecto**, un proxecto para Gobernar Galiza. Porque si: **O BNG quere gobernar Galiza e estamos preparadas para facelo.**

**Un proxecto para Gobernar Galiza baseado en dez obxectivos estratéxicos.**

**Primeiro obxectivo estratéxico: Reforzar os servizos públicos**

O PP está empeñado en cargarse o estado de benestar e iso explica trece anos de recortes

e privatizacións. O BNG defende fortalecer os servizos públicos, por iso, **como Presidenta**, a miña prioridade será sacar á sanidade do colapso, empezando por un **plan de choque de 200 M€** en atención primaria, contratando persoal en todas as categorías, ampliando a carteira de servizos e destinando a **atención primaria o 25% do orzamento do Sergas**.

Galiza ten a segunda taxa de suicidios máis alta do Estado, esta é a segunda causa de morte entre a xente moza, con cifras arrepiantes. Por iso, para o BNG será unha prioridade de goberno deseñar e implantar un **Plan de saúde mental**.

No BNG temos claro que o futuro pasa pola educación e o coñecemento, por iso contrataremos **1.000 profesores e profesoras**, abriremos as escolas que pechou o PP e **reforzaremos o orzamento e apoio ás universidades públicas**. Porque onde o PP ve un gasto, o BNG vemos o mellor investimento dun país: a formación da súa xente nova.

O goberno do PP considera ás persoas maiores un negocio, por iso en trece anos non foron capaces de facer nin unha soa residencia pública e o 85% das prazas son privadas ou de xestión privada. O futuro para un goberno do BNG pasa por un **modelo de residencias de xestión pública e blindar por lei o dereito a unha vellez digna**.

Non somos ilusas, sabemos que non se consegue en dous días, pero traballaremos desde o primeiro Consello da Xunta para pagar esa débeda coas persoas maiores. Nunca máis, a vellez como negocio!

### **Segundo obxectivo estratéxico: poñer Galiza a producir**

Un País é a súa capacidade para ser produtivo, para xerar riqueza, emprego e benestar social. Pero o PP deixa un rural abandonado, desertización industrial e un sector primario loitando para sobrevivir, tanto na terra como no mar.

O goberno do PP foi incapaz de salvar unha soa empresa en crise.

O **goberno do BNG** empezará por frear as deslocalización e o peche de empresas dotándose dun **Instituto Galego de Crédito** como ferramenta para actuar. Potenciaremos un tecido industrial de PEMES nos sectores estratéxicos, cun **Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial**, co obxectivo de **eleva o peso da industria até o 25% PIB en 2030**.

O goberno do PP ten o rural no abandono, estamos falando do 90% do territorio. O futuro é un goberno do BNG que fará todo o que sexa necesario, repito, todo o que sexa necesario, para **conseguir un rural vivo, produtivo, habitado**. Con dúas liñas de traballo.

Primeira: **discriminación positiva en materia de servizos**, -sanitarios, educativos, bancarios, tecnolóxicos-. Segunda: poñer o rural a producir, con medidas como **mobilizar en dez anos 100.000 hectáreas de terra agrícola** abandonada, facendo que se cumpra a Lei da cadea alimentaria e impulsar a produción agroecolóxica, que nos aporte soberanía alimentaria con alimentos de calidade.

E quero facer un recoñecemento explícito ás mulleres do rural que están abandeirado algúns dos proxectos máis innovadores.

Todos, todos os países avanzados teñen un rural forte. E queremos ser un deles.

Galiza é tamén unha nación pesqueira, pero co goberno do PP temos menos frota, menos emprego, cotas e marisqueo. O goberno do BNG apostará por pescar, non por despezar barcos; pola renovación xeracional, pola innovación e polo complexo mar-industria, como sector estratéxico e tractor da nosa economía.

En definitiva, hai que poñer a riqueza de Galiza a producir. Esta é a mellor receita para afrontar a crise económica e demográfica que vivimos. Menos políticas natalistas fracasadas, e máis emprego de calidade, servizos e igualdade.

### **Terceiro obxectivo estratéxico: A ciencia e a investigación**

A media dos países da UE destina a I+D+i o 2,23% do PIB. Saben cal é a inversión en Galiza? O 1,1% do PIB, exactamente a metade. E isto ten consecuencias: fuga continuada de talento investigador e caída en picado das patentes. Pasamos de 173 en 2009 a 60 en 2020.

**Como presidenta** farei unha aposta para situar Galiza na vangarda da ciencia e da investigación, definindo a carreira investigadora, cun **Pacto galego pola ciencia**, priorizando a retención e captación de talento a través do **INNOGAL**, que crearemos a tal efecto. E con recursos, fixando como horizonte acadar un **investimento equivalente ao 2,5% do PIB**, porque sen científicas non hai ciencia e sen ciencia non hai futuro.

### **Cuarto obxectivo estratéxico: Emerxencia climática e modelo enerxético**

O goberno do PP fixo do ataque ó medio ambiente un sinal de identidade: aí está a prórroga ilegal a ENCE, un 20% do territorio ocupado por eucalipto, a porcentaxe máis baixa de rede natura de todo o Estado e a recuperación integral das rías como eterna materia pendente.

O **goberno do BNG** vai elaborar unha **Lei galega contra o cambio climático**, desde o consenso e a participación de toda a sociedade, que aborde cuestións como os incendios, xestión de residuos, axenda urbana, a biodiversidade e a xestión da auga.

O coidado do medio ambiente non pode desligarse do modelo enerxético. Por iso, fronte o vello goberno do PP que apadriña un *boom* eólico depredador, o futuro goberno do BNG di eólica si, pero cun modelo que:

- xere riqueza e emprego
- sexa exemplar no ambiental
- aporte beneficio social
- respecte ó rural
- con participación pública.

Vou ser moi clara: O futuro goberno do BNG vai **parar o boom eólico depredador e especulativo**. Basta xa de que nos estafen co factura da luz, e por riba nos insulten. **Eólica**

si, pero ó servizo de Galiza, porque o vento é das galegas e dos galegos.

### **Quinto obxectivo estratéxico: autogoberno político e financeiro**

O goberno do PP en trece anos conseguiu un récord nunca visto: conseguiu cero competencias. Xa non é que non suaran a camiseta do autogoberno, é que nin sequera a puxeron. Ese é o modelo do pasado. Pero o **goberno do BNG** quere avanzar nunha Galiza con máis capacidade de decisión.

Con dúas propostas:

1º.- Activar a **comisión mixta para solicitar todas as competencias pendentes**.

2º. Crear unha **ponencia no Parlamento** para, desde o diálogo, **poñer sobre a mesa un novo status político** que nos recoñeza como o que somos: unha nación histórica, onde as decisións relevantes estean en mans da cidadanía galega. É de sentido común!

E como calquera sabe: sen autonomía financeira, non hai autonomía política, pero Galiza perdeu 9.000 M€ cun sistema de financiamento asinado polo PP.

Un goberno do BNG defenderá **ter a chave dos nosos cartos**, da man dun concerto económico, como o que ten Euskadi ou Navarra. De camiño a esa meta, queremos avanzar en autonomía fiscal e financeira. Como?

- **ampliar até o 90% a porcentaxe de impostos cedidos** de IVE e IRPF
- **reclamar o imposto de sociedades**
- **avanzar nunha fiscalidade verde**
- defender **que tributen aquí as empresas con actividade aquí**. Iberdrola, Naturgy, Endesa e tantas outras deben pagar impostos aquí, xa que se lucran cos nosos recursos naturais. Soportamos os custes ambientais pero non temos beneficios!

Estou convencida de que a maioría se pregunta porqué se aproveitan dos nosos recursos, pero deixan os impostos en Madrid.

### **Sexto obxectivo estratéxico: Infraestruturas**

Empezando pola A **AP-9**, eixo vertebral nun País onde o 90% das mercadorías se moven por estrada. O PP aportou privatizacións e subida da peaxes, ano tras, ano. O BNG conseguiu unha rebaixa histórica das peaxes e defenderá **rescatar a concesión** para Galiza.

Propoñemos un **plan para facer competitivos aeroportos e portos**, empezando porque o Estado asuma a débeda do porto da Coruña, como fixo con Valencia, e impulsar o Porto de Vigo como gran motor económico.

E si señorías, a chegada do AVE até Ourense, con décadas de atraso, está moi ben. Pero non pode ser a costa de deteriorar os servizo do tren de proximidade, como está pasando. E hoxe hai centos de persoas que teñen que levantarse de madrugada para chegar os seus traballos porque recortaron horarios e frecuencias na liña A Coruña-Vigo ou na liña A Coruña- Ourense.

E dígolles que **como presidenta** terei como **prioridade de goberno un tren de**

**proximidade**, recuperando e modernizando liñas, con horarios e tarifas adaptadas a nosa realidade.

### **Sétimo obxectivo estratéxico: a relación con Portugal**

Fronte ó centralismo madrileño, un Goberno do BNG dará un **trato prioritario ás relacións con Portugal** por ser estratéxico desde o punto de vista económico, social e cultural. Con tres cuestións fundamentais:

1º. As conexións ferroviarias, en particular a saída sur de Vigo e o Corredor Atlántico.

2º. Unha estratexia común de desenvolvemento económico da eurorrexión.

3º. E as relacións culturais e lingüísticas, en particular o desenvolvemento da *Lei Paz Andrade*

A eurorrexión Galiza-Norte de Portugal suma 6,4 millóns de habitantes, superando a Estados como Dinamarca, Irlanda ou Finlandia. É unha gran oportunidade para Galiza. O pasado é o centralismo madrileño, o futuro é o atlantismo galego.

### **Oitavo obxectivo estratéxico: Igualdade**

Na loita das mulleres pola igualdade precisamos ir máis rápido. Deixaremos atrás a pasividade do PP e, **como presidenta**, farei da igualdade real un reto de goberno, con **medidas para acabar coa fenda salarial** e a favor da **conciliación** e a **corresponsabilidade**. Xa está ben de que maternidade penalice ás mulleres!

Pero faremos máis: suprimiremos as subvencións ós centros privados que segregan por sexos, destinaremos o **1% do orzamento á loita contra a violencia machista** e, desde logo, combaterei coa máxima enerxía o discurso negacionista da violencia contra as mulleres.

Cando asasinan a unha muller polo mero feito de selo, non é violencia intra familiar, é terrorismo machista, señorías do PP.

E, **como presidenta**, combaterei con toda a forza o discurso da intolerancia, da LGTBIfobia, do odio ó diferente, porque queremos unha sociedade libre de intolerancia, racismo e xenofobia, onde cada quen sexa libre para ser, sentir e amar.

### **Noveno obxectivo estratéxico: Lingua e cultura**

O goberno do PP nin sequera é capaz de aproveitar o Xacobeo para darlle impulso e visibilidade ós nosos creadores e creadoras, e mantén o decreto da vergoña que é letal para o noso idioma, a única lingua do Estado que perde falantes, sobre todo entre a xente nova.

O **goberno do BNG** terá entre as súas primeiras decisións a derogación dese decreto e **devolver o galego ao ensino como lingua vehicular**.

Hoxe son miles os pais e as nais que denuncian como os seus fillos e fillas entran pola porta da escola falando galego e saen falando castelán. Hai que acabar co disparate de ter



convertido a escola nunha máquina desgaleguizadora!

Apostaremos pola nosa lingua e cultura tamén como fonte de riqueza e de emprego, coa posta en marcha do **Instituto Rosalía de Castro** para promover a súa internacionalización. Somos a única lingua do Estado que non ten unha entidade destas características. Impulsaremos a creación audiovisual en particular para o público infantil, tan orfo de contidos en galego.

Precisamos **un goberno que coide o idioma e garanta o seu coñecemento**, para que as xeracións que veñen teñan a liberdade de falar galego porque si, porque lles peta e lles sae de dentro. Queremos presente e futuro para o galego.

### **Décimo obxectivo estratéxico: Defensa da democracia**

O PP está cómodo impondo unha democracia de baixa calidade, gobernando para os *lobbies* económicos, vampirizando a televisión pública e aplicando o seu rodillo absolutista neste Parlamento.

O PP síntese cómodo na corrupción dos contratos amañados con familiares e amigos, “pilllos” que dan *pelotazos* millonarios no medio dunha pandemia que custou miles e miles de vidas. Cómodo votando en contra de investigar a corrupción da monarquía ou en contra de investigar a espionaxe de políticos pola súa ideoloxía.

O BNG devolverá a este Parlamento o respecto que se merece, devolverá os medios públicos ós seus únicos e verdadeiros donos: os galegos e ás galegas, e traballará para servir a maioría social e non a unha presa de privilexiados que se sentan nos consellos de administración.

E nunca, nunca, cruzaremos ningunha porta xiratoria!

Estas son as medidas que un goberno do BNG porá en marcha para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

No BNG temos e sempre teremos a man tendida a favor de Galiza e da súa xente, sempre estaremos dispostas a dialogar e a negociar para chegar a acordos.

Pera a nosa man tendida só tivo como resposta a soberbia e o ninguneo de quen pensa que sempre ten a razón, pese a que os datos demostran, señores do PP, que nos deixan unha Galiza en peores condicións.

Por iso hoxe, o **cambio galego está en marcha**, por iso **comezou a conta atrás para un cambio de goberno en Galiza que o BNG quere liderar**, desde a humildade e a ambición de país!

Hai momentos nos que parece que nada cambia pero nos que, en realidade, hai un profundo movemento de fondo que anticipa un cambio de ciclo.

Pasou moitas veces ó longo da historia. Pasou cando as primeiras sufraxistas empezaron

a reclamar o dereito das mulleres a votar. Unha onda de cambio que tardou moito en chegar, pero chegou. E non esquezo que grazas ás que loitaron antes, hoxe estou nesta tribuna.

Pasou cando Rosa Parks dixo que non se movía do seu asento nun autobús en Montgomery, Alabama, en 1955. Parecía que non pasaba nada, pero un ano despois quedaba abolida a segregación racial no transporte público dos Estado Unidos.

Moito máis cerca de nós, pasou coa inmensa mobilización social de *Nunca Máis*, cuxa onda de cambio tardou en verse, pero chegou. Pasou co 15M, que puxo en cuestión o réxime do 78.

Pasou coas masivas manifestacións do 8M en Galiza, e hoxe o feminismo marca o debate político e social.

Pasou coas mobilizacións a favor do planeta, sobre todo da xente moza, e hoxe ninguén cuestiona o cambio climático, desde unha posición de rigor científico.

Pasou e pasa coa revolta contra o *boom* eólico depredador, miles de persoas activas por todo o País en defensa dun modelo enerxético sostible. Pode parecer que non van lograr cambios. Pero quero lembrar que David derrotou a Goliat.

E pasou na noite electoral das eleccións galegas de 2020, cando a cidadanía deixou nas mans do BNG a enorme responsabilidade de liderar a alternativa de cambio en Galiza.

Esa semente de **cambio galego** quedou plantada o 12 de xullo de 2020, e por iso, hoxe **o PP representa o pasado fronte a un BNG que representa o futuro.**

O futuro de todos os galegos e as galegas que queren construír unha Galiza mellor, unha Galiza en grande, na que vivir e traballar, onde teñamos dereito a soñar e a facer realidade os nosos soños.

**Unha Galiza cun goberno e unha presidenta coas mans libres para mellorar a vida da xente.**

Esa é a Galiza que vén, imparabile, grazas a forza de todas as persoas que levamos Galiza na cabeza e no corazón.

Moitas grazas.